



Nº Expediente: 2016/C003/000003

Asunto: Contratación de CONSTRUCCIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL

MESA DE CONTRATACIÓN (1)

ACTA DE APERTURA DOS SOBRES "A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA", E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES "B: REFERENCIAS TÉCNICAS" PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO DO SEGUINTE CONTRATO :

Obra: CONSTRUCCIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL

Importe de licitación:

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Non asiste don Josçe Camilo Casal García, concelleiro.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:30 horas do mércores 22 de xuño de 2016, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á apertura dos sobres A: Documentación administrativa, e si procede, apertura dos sobres B: Referencias técnicas, no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da "CONSTRUCCIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL", as seguintes empresas:

EMPRESA	DATA PRESENTACIÓN OFERTA (e, no seu caso, do envío de fax)	Nº REXISTRO (sobres e/ou fax)	SOBRES (e, no seu caso, envío de fax)
CONSTR. GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	20/06/16	4193	Sobres A, B e C
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	20/06/16	4207	Sobres A, B e C
VILLASUSO ORTEGAL, S.L.	20/06/16 21/06/16	4225 4255	Correo electrónico anunciando envío docs. Sobres A, B e C



A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres **A**, que fan referencia á "Documentación administrativa ", resultando o seguinte:

- A documentación presentada é correcta.

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres "**B**" (Referencias técnicas) das empresas participantes na licitación.

A Mesa acorda:

- 1º.- Solicitar un informe técnico de valoración das referencias técnicas contidas nos sobres "B".
- 2º.- Reunirse de novo o vindeiro día **5 de xullo** ás 10:00 horas, para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres "C".
- 3º.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 14:00 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.